



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Xuventude

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 212
F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
xuventude@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

Espacio reservado
para selos internos

BASES DO CAMPAMENTO URBANO DE ENTROIDO 2015

A Concellería de Xuventude convoca un campamento urbano de entroido coincidindo co período vacacional

A actividades inclúen obradoiros artístico creativos, manualidades, xogos guiados e libres.

Artigo 2. Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de entroido
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o desfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores
- Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo.
- Favorecer a autonomía e a liberdade do neno, potenciando a súa creatividade e imaxinación.
- Favorecer o proceso de socialización dos rapaces.

Artigo 3. Destinatarios/as.

O Servizo está dirixido aos nenos e nenas empadroados que teñan os tres anos cumpridos e que non excedan os sete anos no momento de incorporarse ao Campamento Urbano

Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase os días 16, 17 e 18 de febreiro nos seminarios 1 e 2 do Auditorio de Vilagarcía

Artigo 5. Horario.

O horario establecido será de 9.00 a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. Poderá optarse como horario de entrada entre as 9.00 h e 9.10 e as 10.00 h e 10.10 h e como horario de saída entre as 13.00 h e 13.10 h e as 13.50 e as 14.00 h.

Artigo 6. Prazas.

O número de prazas coas que conta o C.U é de 30

Artigo 7. Solicitudes e Proceso de Selección.

1. Solicitudes: As familias deberán presentar unha única ficha de inscrición facilitada na Concellería de Xuventude, acompañada da documentación indicada no Anexo I. As solicitudes deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 a 14.30 h. e polas tardes de 17.00 a 20.00 h de luns a venres e os sábados de 10.00 a 13.00 h.

O prazo de presentación das solicitudes será do **3 ao 11 de febreiro**

2. Proceso de Selección:



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Xuventude

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 212
F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
xuventude@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

Espacio reservado
para selos internos

O proceso de selección será o seguinte:

- Rigurosa orde de entrada no Rexistro do concello de Vilagarcía
- Publicación dunha listaxe definitiva de admitidos o 13 de febreiro

Artigo 8. Listaxe de agarda.

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde de entrada no Rexistro do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.

Artigo 9. Cota.: Gratuita

ACTIVIDADES:

Traballo en torno á temática do circo, manualidades e obradoiros de refugallo para confeccionar máscaras e disfraces, contacontos, teatro, obradoiros de expresión corporal e mimo, obradoiro de maquillaxe de fantasía, globoflexia, obradoiro de cociña divertida: filloas, xogos predeportivos e en grupo, xincanas....

CRONOGRAMA:

HORARIO	DÍA 16	DÍA 17	DÍA 18
9H A 9H30	Entrada e Recepción nenos/as	Entrada e Recepción nenos/as	Entrada e Recepción nenos/as
9H30 A 10H	Actividade de presentación	Actividade de presentación	Actividade de presentación
10H A 11H30	Actividade de mesa	Actividade de mesa	Actividade de mesa
11H30 A 11H50	Descanso Merenda	Descanso Merenda	Descanso Merenda
11H50 A 12H15	Recreo	Recreo	Recreo
12H15 A 13H30	Xogos en grupo	Xogos en grupo	Xogos en grupo
13H30 A 14H	Dinámica de Relaxación	Dinámica de Relaxación	Dinámica de Relaxación
14H	Saida	Saida	Saida

Os/as nenos/as estarán divididos en 3 grupos:

- Infantil: 3 anos
- Infantil: 4 e 5 anos
- Primaria: 6 e 7 anos.